



**PROXECTO
LINGÜÍSTICO
2023-2027**

CEIP FRANCISCO LÓPEZ ESTRADA

O BARQUEIRO - MAÑÓN

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN.....	2
2. MARCO LEGISLATIVO.....	3
3. CONTEXTUALIZACIÓN.....	4
3.1. SITUACIÓN XEOGRÁFICA DO CENTRO.....	4
3.2. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO.....	5
3.3. ANÁLISE DA SITUACIÓN SOCIO-LINGÜÍSTICA.....	6
4. LINGUA NA QUE SE IMPARTEN AS DIFERENTES MATERIAS.....	7
5. OBXECTIVOS.....	9
5.1. OBXECTIVOS PARA O ALUMNADO.....	9
5.2. OBXECTIVOS PARA O PROFESORADO.....	10
5.3. OBXECTIVOS PARA O CENTRO E A COMUNIDADE EDUCATIVA.....	11
5.4. OBXECTIVOS PARA O FOMENTO DA LINGUA ESTRANXEIRA.....	11
6. ESTRATEXIAS E PROPOSTAS DE ACTUACIÓN.....	12
6.1. ACTUACIÓNS DIRIXIDAS AO ALUMNADO.....	12
6.2. ACTUACIÓNS DIRIXIDAS AO PROFESORADO.....	13
6.3. ACTUACIÓNS DIRIXIDAS ÁS FAMILIAS.....	13
6.4. ACTUACIÓNS XERAIS NO CENTRO.....	13
6.5. ACTUACIÓNS ENCAMIÑDAS Á MELLORA DA COMPETENCIA EN LINGUA ESTRANXEIRA.....	14
7. AVALIACIÓN E ADENDA ANUAL.....	15

1. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN

O Proxecto Lingüístico do Centro é un documento que desenvolve o **artigo 14º do Decreto 79/2010 do 20 de maio, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo**. Tamén é un recurso que pretende achegar iniciativas e propostas para revitalizar e impulsar a realidade lingüística da escola, para reverter o proceso de substitución lingüística que tódolos datos nos sinalan, contando en particular coa implicación da comunidade educativa e, en xeral, cos sectores ligados á realidade de nenos e nenas.

O EDLG deste centro continuará a labor emprendida nos cursos anteriores coa finalidade de potenciar a nosa lingua nun contexto sociolingüístico que caracteriza o noso municipio no que a mocidade tende cada vez máis a ser castelán falante. Pretendemos asentar valores relacionados coa diversidade lingüística e o plurilingüismo, xa que sabemos que isto supón unha labor positiva no eido educativo e tendo en conta que a normalización dunha lingua supón un proceso onde inflúen moitos factores que están interrelacionados: aprendizaxe escolar, transmisión interxeracional, emprego nas relacións entre iguais en contexto de xogo ou momentos de ocio. Precisamos potenciar o uso do galego a nivel oral dende a infancia para mellorar a competencia lingüística dos nenos e nenas na nosa lingua exercendo como ensinantes unha labor normalizadora e á vez potenciando o coñecemento da cultura galega de xeito transversal e en todas as súas manifestacións.

A comunidade educativa do noso centro xoga un papel fundamental no eido normalizador e debe participar activamente en todas as estratexias que se leven a cabo no proceso normalizador.

2. MARCO LEGISLATIVO

As bases legislativas para a elaboración deste Proxecto Lingüístico de Centro están contidas en:

. Constitución española. 1978

Artigo 3: “*As outras linguas serán tamén oficiais nas respectivas Comunidades autónomas...*”.

Artigo 20: “*...respectando o pluralismo da sociedade e das diversas linguas de España*”.

. Estatuto de Autonomía. 1981

Artigo 5: “*A lingua propia de Galicia é o galego*”.

. **A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística**, de conformidade coas disposicións precedentes, garante a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia e posibilita a incorporación da lingua galega á Administración, ao ensino e aos medios de comunicación públicos, favorecendo un cambio de tendencia na súa consideración social e na incorporación do idioma a novas esferas da vida social. O artigo 14 desta lei indica que ao remate do ensino obrigatorio se garantirá a igualdade de competencia lingüística nos dous idiomas oficiais.

. Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

Este decreto di textualmente nos seus primeiros parágrafos o seguinte:

“As linguas constitúen un elemento básico de identidade cultural e representan un valor fundamental de cohesión dunha comunidade. O artigo 3 da Constitución española establece, no seu punto 1o, que o castelán é a lingua oficial do Estado, e, no punto 2º, que as demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos, e sinala que a lingua é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.”

3. CONTEXTUALIZACIÓN

3.1. SITUACIÓN XEOGRÁFICA DO CENTRO

O CEIP Francisco López estrada está situado no concello de Mañón, pertencente á Comarca do Ortegal, no Norte da Provincia da Coruña.

O termo municipal forma unha estreita e longa franxa de terreo entre as provincias de Lugo e A Coruña, ocupando a vertente occidental do Río Sor, que marca o límite entre ambas entidades.

As comunicacións, antigamente pésimas, melloraron nas últimas décadas. A principal vía é a estrada C-642, que parte de Xubia, ao fondo da ría de Ferrol, e recorre a costa Norte ata Ribadeo.

O noso centro educativo está situado nos arredores do núcleo de poboación da localidade de O Barqueiro nunha zona tranquila, rodeada de bosques de eucaliptos que cobren a aba do Monte Cañoles. É o único centro educativo do Concello de Mañón polo que a súa zona de influencia abrangue todo o territorio municipal formado polas parroquias de Bares, Mogor, Ribeiras do Sor, Mañón e Grañas do Sor.

3.2. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

Trátase dun colexio eminentemente rural que conta cunha unidade de educación infantil e dúas unidades de educación primaria, integradas por grupos mixtos con alumnado de varios niveis.

Nome do centro: CEIP Francisco López Estrada

Ensinanzas: Educación Infantil e Educación Primaria

Xornada: Partida

Proxectos e programas educativos: Edixgal, Polos Creativos, Digicraft, CP e Proxecta+

Localización: Rúa do Escolar s/n, O Barqueiro (Mañón)

Teléfono: 981414127

Enderezo electrónico: ceip.lopez.estrada@edu.xunta.gal

3.3. ANÁLISE DA SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA

O concello de Mañón contaba en 2022 cunha densidade de poboación de 15.65 hab/km².

Trátase dun municipio principalmente rural con numerosos núcleos, máis dispersos segundo nos adentramos no concello en dirección Sur. Moitos destes núcleos xa están abandonados na actualidade, e noutros quedan soamente anciáns.

As nenas e nenos están escolarizados dende os 3 anos no noso centro, con posterioridade cursan os seus estudos obrigatorios no IES de Ortigueira e, nalgún caso, nos IES María Sarmiento e IES Vilar Ponte da veciña localidade de Viveiro. Unha parte, cada vez máis numerosa, cursará estudos universitarios.

A formación das familias presenta un nivel predominante de estudos básicos, ás veces incompletos, se ben a tendencia dos últimos anos é a dunha progresiva mellora da situación aumentando a cantidade de poboación comprendida entre os 18 e os 25-30 anos que acada un nivel de estudos secundarios.

Entre a poboación anciá o nivel académico é baixo, mesturado cunha boa dose de cultura popular.

Na Casa do Concello está a Biblioteca Municipal, que funciona diariamente, e organiza con asiduidade actividades culturais. Dende hai uns anos tamén se conta cunha animadora cultural e un animador deportivo dependentes do Concello. Ámbolos dous organizan diversas actividades, moitas veces en colaboración con colexio. Asemade, existe algunha asociación sociocultural con sede no concello que organiza diversas actividades ao longo de todo o ano para todas as idades.

As actividades económicas, por orde de relevancia son: silvicultura, servizos, pesca e marisqueo, agricultura, construción, minería e industria.

Salvo na zona costeira, onde predomina a pesca de baixura e o marisqueo, o resto do concello vive esencialmente da gandería, a agricultura e a madeira. As explotacións agrícolas e gandeiras son basicamente de autoconsumo e como unha economía complementaria.

O sector servizos concéntrase sobre todo no núcleo urbano de O Barqueiro, onde se atopa o colexio, e en Bares. Aínda que na actualidade foron en aumento as casas rurais en todo o concello.

Situación lingüística do contorno:

No que se refire á condición lingüística ambiental, obsérvase que entre a poboación infantil a lingua vehicular é o castelán. Por outra banda, vemos que na aldea a xente maior segue a falar en galego principalmente.

A lingua empregada polo concello na comunicación cos administrados é, de maneira xeral, o galego. Do mesmo xeito, a lingua empregada por outras entidades do contorno é predominantemente o galego.

Situación lingüística do profesorado:

O equipo docente está conformado por un total de 8 mestres/as.

O uso do galego entre o profesorado é xeneralizado: hai unha porcentaxe de compañeiras e compañeiros que, falando as dúas linguas, utilizan predominantemente o castelán, outra porcentaxe exprésase exclusivamente en galego e unha grande maioría utiliza indistintamente galego ou castelán.

Indepentemente da lingua vehicular habitual, pódese dicir que a meirande parte do profesorado ten unha boa competencia en ligua galega e ademais existe unha gran disposición para a dinamización e a normalización social do galego.

Situación lingüística do alumnado

O alumnado do centro fala maioritariamente o castelán. Na lingua habitual das familias predomina o emprego do castelán nas relacións pais-nais / fillos-fillas.

Dentro da escola, as nenas e nenos comunícanse entre eles habitualmente en castelán.

En xeral, a competencia a nivel de comprensión é moi boa, non sendo tan aceptable a expresión, tanto oral como escrita.

Por outra banda, unha pequena parte do alumnado ten unha actitude favorable cara á normalización social do galego mentres que para a maioría é indiferente.

A presenza das linguas na vida do centro:

O persoal non docente do centro (conserxe e cociñeira) empregan maioritariamente o galego tanto para comunicarse co resto de persoal como para dirixirse ao alumnado.

Pola contra, os familiares colaboradores do comedor, a meirande parte dos membros da ANPA, o persoal do transporte escolar ou os monitores de actividades extraescolares, todos cunha presenza moi activa na vida escolar, falan predominantemente en castelán.

Por outra banda, a presenza da lingua galega na documentación administrativa, no rotulado do centro, nas notas informativas, sitio web, redes sociais, etc, é plena.

A lingua galega tamén se emprega na totalidade da realización das actividades extraescolares.

Por último, cómpre destacar que a dotación de fondos en galego na Biblioteca é aceptable, mais é necesario adquirir mais títulos para compensar os desequilibrios que aínda existen con respecto ao castelán.

4. LINGUA NA QUE SE IMPARTEN AS DIFERENTES MATERIAS

No tocante ao reparto das materias impartidas en lingua galega ou lingua castelá, no presente curso escolar 23-24 seguiuuse o establecido no Decreto 79/2010, de 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

Na etapa de Educación Infantil utilizamos como lingua vehicular aquela na que se expresa o alumnado cando se incorpora ao centro. Segundo a lei prevé, haberá unha atención individual e personalizada para todos e cada un dos alumnos e alumnas.

No horario de Lingua Estranxeira facilítanselles actividades e materiais na lingua que se imparte.

Na etapa de Educación Primaria, tal é como establece o Decreto 79/2010, de 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, impártense en galego as materias de Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais e, en castelán, as Matemáticas.

O citado decreto establece que o resto das materias impartiranse en galego ou castelán, segundo acordo do centro, mantendo sempre unha porcentaxe equilibrada de horas entre as dúas linguas.

Deste xeito, o reparto no noso centro é o que segue:

ÁREAS	NIVEIS					
	1º	2º	3º	4º	5º	6º
LINGUA GALEGA E LITERATURA	4	4	4	4	4	4
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	4	4	4	4	4	4
MATEMÁTICAS	5	5	4	4	4	4
CIENCIAS DA NATUREZA	3	2	3	2	3	2
CIENCIAS SOCIAIS	2	3	2	3	2	2
LINGUA ESTRANXEIRA, INGLÉS	2	2	3	3	3	3
ED. PLÁSTICA E VISUAL	1	1	1	1	1	1
MÚSICA E DANZA	1	1	1	1	1	1
EDUCACIÓN FÍSICA	2	2	2	2	2	2
RELIXIÓN	1	1	1	1	1	1
PROXECTO COMPETENCIAL	1	1	1	1	1	1
EDUCACIÓN EN VALORES CÍVICOS E ÉTICOS						1
TOTAL SESIÓNS EN LINGUA GALEGA	12	12	12	12	12	12
TOTAL SESIÓNS EN LINGUA CASTELÁ	13	13	13	13	13	13

 Sesións impartidas en lingua galega.

As diferencias horarias das materias impartidas nunha ou noutra lingua compensaranse nos tempos diarios de lectura.

5. OBXECTIVOS

5.1. OBXECTIVOS PARA O ALUMNADO

Educación Infantil:

1. Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguas e formas de expresión.
2. Achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo.
3. Utilizar a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva cos iguais e coas persoas adultas, segundo as intencións comunicativas.
4. Comprender mensaxes orais diversas, amosando unha actitude de escoita atenta e respectuosa.
5. Amosar interese polos textos escritos presentes na aula e no contorno próximo, iniciándose no seu uso e na comprensión das súas finalidades.
6. Interesarse e participar nas situacións significativas de lectura e escritura que se producen na aula desenvolvidas por persoas lectoras e escritoras competentes.
7. Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información,..
8. Gozar compartindo a escoita e a lectura en voz alta de textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas...
9. Utilizar a biblioteca con respecto e coidado, valorándoa como recurso informativo, de entretemento e gozo.
10. Iniciarse no aprendizaxe dunha lingua estranxeira.

Educación Primaria:

1. Facilitar o coñecemento da nosa cultura dun xeito sistemático e interdisciplinar.
2. Facer fincapé na importancia e na obriga da oralidade entre o alumnado nas clases onde as materias estean programadas en galego. Farase entender a diferenza entre a forma dialectal e a normativa, sen perder a primeira na forma oral e coidando o emprego normativo na escrita.
3. Promover a competencia en comunicación lingüística nas catro destrezas básicas da lingua galega (lectura, escritura, escoita e fala).
4. Usar o Plan Lector como base para desenvolver a competencia comunicativa.

5. Continuar o uso da Biblioteca do colexio.
6. Establecer uns mínimos lingüísticos para acadar ao final de cada ciclo.
7. Valorar as súas propias creacións orais e escritas.
8. Fomentar a interacción do colexio coa familia e co entorno.
9. Mellorar a atención á diversidade, con respecto á competencia lingüística, tanto do alumnado doutras procedencias como alumnado con necesidades.
10. Acadar unha boa competencia en lingua estranxeira.

5.2. OBXECTIVOS PARA O PROFESORADO

1. Seguir fomentando o compromiso do profesorado para traballar polo emprego do galego como lingua vehicular no noso centro.
2. Acadar para o galego a categoría de lingua habitual de relación en igualdade co castelán.
3. Coordinar as diferentes áreas lingüísticas para levar a cabo tarefas concretas sobrevos diversos obxectivos e contidos programados ó mesmo tempo que se da unha mellor resposta o fomento da competencia lingüística.
4. Incrementar a presenza do galego no Plan Lector.
5. Elaborar xunto co Equipo de Biblioteca suxestións de libros de lectura en galego dispoñibles para a comunidade educativa.
6. Procurar na medida do posible a adquisición de materiais didácticos en galego.
7. Traballar de forma coordinada e mantendo unha estreita relación co equipo de biblioteca do centro co fin de fomentar o hábito lector.
8. Participar en actividades formativas relacionadas coa lingua galega.

5.3. OBXECTIVOS PARA O CENTRO E A COMUNIDADE EDUCATIVA

1. Concienciar a toda comunidade educativa da necesidade de falar a nosa lingua para que siga sendo unha lingua co maior número de falantes posible para acabar coa tendencia á baixa dos últimos anos.
2. Seguir empregando a lingua galega tanto oral como escrita nas actividades relacionadas coa xestión, organización e administración do centro.

3. Usar o galego como lingua vehicular nas comunicacións coas entidades públicas da nosa contorna.
4. Fomentar, na medida do posible o uso do galego en actividades extraescolares que se realicen no centro.
5. Informar ao Claustro e ao Consello Escolar do Decreto vixente e das diferentes estratexias que vai empregar o centro para a consecución dos obxectivos.
6. Aproveitar as oportunidades que se nos ofrezan en excursións, saídas, conferencias, reunións... para utilizar o galego como lingua de comunicación.
7. Estender o uso da lingua galega a tódolos axentes educativos.
8. Implicar todos os axentes escolares neste proceso.
9. Fomentar unha boa predisposición nas familias no uso do galego .
10. Reforzar o uso dos contextos galegofalantes para que o alumnado se exprese en galego.
11. Participar nas distintas actividades propostas por institucións como o Concello ou outras asociacións da contorna.
12. Participar nas actividades de dinamización lingüística propostas polos organismos oficiais.
13. Promover actividades lúdicas no centro para fomentar a difusión e posta en valor da lingua galega.

5.4. OBXECTIVOS PARA O FOMENTO DA LINGUA ESTRANXEIRA

1. Aprender a utilizar con progresiva autonomía todos os medios ao alcance, incluídas as novas tecnoloxías, para obter información e para comunicarse na lingua estranxeira.
2. Valorar a lingua estranxeira, e as linguas en xeral como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias e culturas diversas e como ferramenta de aprendizaxe de distintos contidos.
3. Manifestar unha actitude receptiva e de confianza na propia capacidade de aprendizaxe e de uso da lingua estranxeira. Recoñecer o valor comunicativo das linguas estranxeiras e a propia capacidade para aprender a usalas
4. Utilizar os coñecementos e as experiencias previas con outras linguas para unha adquisición máis rápida, eficaz e autónoma da lingua estranxeira ao desenvolver estratexias de aprendizaxe autónoma.

5. Internacionalizar o centro mediante a participación en proxectos e programas con outros centros estranxeiros.

6. ESTRATEXIAS E PROPOSTAS DE ACTUACIÓN

6.1. ACTUACIÓNS DIRIXIDAS AO ALUMNADO

Educación Infantil:

- Adicación diaria dun tempo aproximado de 50 minutos ao que se coñece como asemblea: Saúdo, data, nomear encargado/a, pasar lista, o tempo, vivencias do día anterior, respectando as quendas e presentación das actividades do día.
- Asistencia á biblioteca escolar como mínimo unha vez á semana.
- Préstamo da semanal de libros da biblioteca para a casa.
- Traballo con contos, adiviñas, poesía, receitas, xornais, cancións, etc, na aula.
- Actividades lingüísticas nas tabletas ou no panel dixital.
- Fomento, a través de xogos e outras actividades lúdicas, do uso do galego nas actividades informais do alumnado.

Educación Primaria:

- Actividades de lectoescritura nas dúas linguas oficiais de xeito que a adquisición das habilidades lingüísticas escritas sexa parella e efectiva.
- Asistencia á biblioteca escolar como mínimo unha vez á semana.
- Préstamo semanal de libros da biblioteca para a casa.
- Traballo con contos, adiviñas, poesía, receitas, xornais, cancións, etc, na aula.
- Actividades lingüísticas nas tabletas ou no panel dixital.
- Actividades de fomento de actitudes positivas no alumnado cara as dúas linguas.
- Fomento, a través de xogos e outras actividades lúdicas, o uso do galego nas actividades informais do alumnado.
- Aproveitamento dos recursos dixitais do Polo Creativo para a elaboración de produtos audiovisuais que impliquen o uso das dúas linguas de xeito equilibrado (video-tutoriais, reportaxes, podcasts...)

6.2. ACTUACIÓNS DIRIXIDAS AO PROFESORADO

- Participación en actividades de formación para o profesorado.
- Potenciación do emprego da lingua galega por parte do profesorado nas conversas que manteñan entre si , co alumnado, coas familias e co persoal non docente.
- Realización de actividades conxuntas entre centros.
- Priorización no ensino do galego a expresión, a afectividade e a utilidade, reforzando a súa dimensión comunicativa e instrumental en relación con contextos vivos e dándolle un protagonismo central á oralidade.
- Dotación de materiais didácticos en galego ás diversas materias educativas que se imparten en lingua galega.

6.3. ACTUACIÓNS DIRIXIDAS ÁS FAMILIAS

- Información ás familias do marco legal vixente.
- Información ás familias da situación sociolingüística do centro e da contorna.
- Emprego do galego nos documentos de relación coas familias e co contorno social: correspondencia, boletíns de notas, publicacións, comunicados, etc.
- Deseño de proxectos que potencien o usos da lingua por medio de retos nos que participen as familias cos seus fillos e fillas.

6.4. ACTUACIÓNS XERAIS NO CENTRO

- Emprego do galego nos carteis, letreiros, avisos, etc.
- Emprego do galego no sitio web e nas redes sociais do centro.
- Emprego do galego en toda a documentación administrativa e pedagóxica.
- Emprego do galego nos actos que organice o centro: reunións de pais, festivais, conferencias, etc.
- Adquisición de títulos en galego na biblioteca escolar.
- Utilización da porcentaxe adecuada de textos en galego e en castelán nas actividades do proxecto lector.
- Deseño de proxectos en lingua galega.

- As actividades complementarias e extraescolares que se soliciten dentro das ofertas existentes por parte do Concello e outras institucións procurarase que sexan en galego e castelán en proporción axeitada.
- Organización de campañas para promover o uso do galego.
- Realización dalgún encontro con personaxes relevantes que empreguen o galego na súa vida profesional, persoal e social.
- Participación nas convocatorias de financiamento por parte da Secretaría Xeral de Política Lingüística para o Proxecto de Fomento do uso do Galego.
- Establecemento dunha estratexia educativa participativa e intercultural.
- Intercambio de experiencias e ideas con outros centros.
- Elaboración dunha adenda a este proxecto para a Programación Xeral Anual.

6.5. ACTUACIÓNS ENCAMIÑADAS Á MELLORA DA COMPETENCIA EN LINGUA ESTRANXEIRA

- Emprego nas clases de lingua estranxeira dunha metodoloxía integradora, lúdica, participativa e estimulante, que parta dos coñecemento próximos á propia experiencia do alumnado contactando con outras áreas do currículo e fomentando progresivamente o coñecemento dunha realidade multicultural.
- O papel do profesor/a de inglés será de supervisor e facilitador tendo en conta os comentarios e esforzos do alumnado e de coordinando o traballo que se está a realizar.
- A transversalidade será unha constante da metodoloxía.
- A diversidade estará presente dentro do traballo diario na clase de inglés ao realizarse tarefas con distinto grao de dificultade ao mesmo tempo sempre que sexa necesario e cando elaboremos traballos en grupo.
- Utilización de cartelería en inglés en zonas comúns como corredores, biblioteca escolar, Polo Creativo...
- Incremento da porcentaxe de fondos da biblioteca en linguas estranxeiras.
- Contratación de obradoiros, contacontos ou obras teatraais en lingua estranxeira.
- Participación do centro en programas europeos como eTwinning ou Erasmus+.

7. AVALIACIÓN DO PROXECTO E ADENDA ANUAL

Segundo o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo, a avaliación do Proxecto Lingüístico do Centro debe ser aprobado e avaliado polo Consello Escolar .

Previamente, realizaremos unha valoración deste na comisión de coordinación pedagóxica, e as propostas que xurdan trasladaranse á reunión do claustro de profesores para o seu debate. As conclusións que se tomen expoñeranse no Consello Escolar, quen aprobará o Proxecto Lingüístico.

Anualmente elaborárase unha addenda do proxecto lingüístico na que conste:

1. Os resultados da pregunta aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado de infantil para obter información respecto da lingua materna predominante entre o alumnado, e as actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento das linguas oficiais.
2. Información sobre os cambios aprobados polo centro e autorizados pola consellería competente en materia de educación, no caso de que haxa unha modificación na impartición de materias en lingua(s) estranxeira(s).
3. Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior e información do que se vai desenvolver no curso seguinte.

Este Proxecto Lingüístico foi aprobado polo Consello Escolar na súa reunión do 13 de outubro de 2023.

Vto e prace

A directora

María Soledad Díaz López

En Mañón, a 13 de outubro de 2023